

 UNIVERSIDADE DE VIGO	PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REVISIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS INTEGRADAS NO PLAN DE ESTUDOS. GRAO DE TRABALLO SOCIAL	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN	CODIF: IT08-PC10
--	--	--	----------------------------

Universidade de Vigo

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN
CAMPUS UNIVERSITARIO DE OURENSE
GRAO DE TRABALLO SOCIAL

Estimada/o compañeira/o:

Póñome en contacto contigo para informarte que, dacordo co convenio asinado entre a institución onde desenvolves o teu exercicio profesional e a Universidade de Vigo, e despois da oferta e posterior proceso de elección de prazas para a realización do practicum de traballo social, o teu destino resultou asignado neste ano académico 2012-2013.

No arquivo pdf que se achega “ **Asignacion destinos prácticum**” podes consultar a relación do alumnado do 4º curso do Grao de Traballo social co destino/institución correspondente en cada caso, así como o nome do titor/a encargado na universidade da súa supervisión.

Como poderás comprobar, no caso da túa institución, resultei ser a profesora supervisora designada por parte da Universidade de Vigo, polo que a partires de agora pasarei a manter contacto continuado contigo para unha axeitada supervisión e coordinación do practicum.

Os meus datos persoais e de contacto son os seguintes:

Profesor/a

Teléfono de contacto:

Correo electrónico:

Lémbroche que a incorporación ao destino será o vindeiro día **24 de setembro**, finalizando o período de prácticas o 21 de decembro, ámbolos dous inclusive.

Xunto remito tamén en arquivos a **guía docente da materia** e o **regulamento do prácticum**. Así mesmo, nos vindeiros días remitirei outra documentación relativa á supervisión e avaliación do alumnado en prácticas.

Sen máis, agradecéndoche sinceramente a túa inestimable colaboración na supervisión do practicum de traballo social, recibe un afectuoso saúdo.

Atentamente,